

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:00 horas do día 15 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 8 de outubro de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓNS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S,L, por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:27	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD49-E1C732-EH4B41-8H55B6-PP8RQS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 8 de outubro de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Acordar que procede a tramitación deste expediente ao resultarlle de aplicación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, ao tramitarse por medios electrónicos.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:27	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD49-E1C732-EH4B41-8H55B6-PP8RQS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



contrato de servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 12 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de maio de 2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 34.237.100,93 €, que inclúe un IVE de 5.941.976,19 €, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 "MANTEMENTO DE XARDÍNS", que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	3.536.488,12 €
2021	6.731.398,12 €
2022	6.825.009,46 €
2023	6.913.147,66 €
2024	7.002.607,91 €
2025	3.228.449,65 €
TOTAL:	34.237.100,92 €

Si durante a tramitación do presente expediente se aprobara a prórroga extraordinaria do contrato en vigor, que está en fase de tramitación para o período entre o 16 de xuño e o 30 de setembro de 2020, procederíase a liberar o crédito correspondente a ese período neste expediente por resultar o mesmo excesivo para o período 1 de outubro 31 de decembro, que se aplicaría ao período da prórroga na contía que procedese ao expediente 7614/446.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- Na sesión do 1 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Comité de Empresa de Althenia SL, e Asociacións Asociación de empresas de gestión de infraestrutura verde" (ASEJA) conforme o sinalado no informe xeral do Servizos de Montes, parques e Xardíns.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares coas correccións correspondentes asinado na data 01 de xuño 2020, a memoria xustificativa do contrato asinada en data 01 de xuño de 2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 01 de xuño de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 34.237.100,92 €, que inclúe un IVE de 5.941.976,20 €, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 "MANTEMENTO DE XARDÍNS", que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
------------	---------------



2020	3.120.742,00 €
2021	6.736.607,78 €
2022	6.879.686,36 €
2023	6.983.482,39 €
2024	6.988.095,89 €
2025	3.528.486,51 €
TOTAL:	34.237.100,92 €

TERCEIRO.- *Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas da mesma duración que o inicial, a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo”.*

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

”Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de setembro de 2020, da UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B. “VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO”.2.a do Anexo I -FEC- do PCAP (“Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L.	87,74
2	GRUPORAGA, S.A.	87,40
3	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	81,00
4	ALFONSO BENÍTEZ, S.A.	66,40

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:27	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD49-E1C732-EH4B41-8H55B6-PP8RQS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., o día 28 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida nas datas 7, 8 e 9 de outubro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de agosto e 18 de setembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:27	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD49-E1C732-EH4B41-8H55B6-PP8RQS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de setembro de 2020, da UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B."VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO".2.a do Anexo I -FEC- do PCAP ("Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade").*
2. *Adxudicar á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 33.699.578,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.848.687,17 euros.*
 - b) *Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 2.000 h.*
 - c) *Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 4.000 euros.*
 - d) *Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato do 0,3 % .*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:27	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD49-E1C732-EH4B41-8H55B6-PP8RQS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		